



Situación: C/ Relva 27A, Torneiros
36410 - O PORRIÑO (Pontevedra)
Teléfono: 986 344 000
Fax: 986 337 302
www.aimen.es
aimen@aimen.es



O Centro Tecnolóxico AIMEN (Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste) constituíuse en Vigo en 1967 coa fin de promover a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación, prestación de servizos tecnolóxicos e a formación. Con máis de catro décadas de experiencia, AIMEN sitúase na actualidade como centro especializado nos materiais e os seus procesos de transformación e líder nacional no coñecemento das tecnoloxías de unión e tecnoloxías de procesado por láser. Entre os sectores industriais cos que AIMEN traballa fundamentalmente, atópanse: aeronáutico, automoción, naval, metalmeccánico, metalúrxico, construción e enerxía.

Recursos humanos

AIMEN está formado por un equipo humano altamente cualificado. Na actualidade forman o persoal 229 profesionais, entre os que se atopan 11 doutores, 85 titulados superiores (enxeñeiros e licenciados), 31 titulados medios, 97 técnicos superiores e 5 bolseiros.

Organización / Áreas de traballo

O centro ten unha organización clásica de asociación privada de empresas sen ánimo de lucro na que en primeiro lugar está a asemblea xeral da que dependen o consello directivo e seguidamente unha comisión executiva e a dirección xeral das que xa parten as distintas áreas técnicas de actividade do centro: Planta de Tecnoloxías de Unión. Centro de Aplicacións Láser. Materiais e Procesos de Fabricación. Inspección e Ensaos Non Destrutivos. Deseño e Simulación. Proxectos e Instalacións Industriais. Laboratorio de Análises, Ensaos e Calibración. Medio Ambiente. Xestión da Innovación. Organización Industrial. Formación. Xestión de Axudas.

Instalacións / Equipamento

As instalacións de AIMEN localízanse no Centro Tecnolóxico Armando Priegue, sobre unha parcela de 7.500 m², onde conta cun moderno edificio de 5.000 m² de superficie en O Porriño. Nel dáse cabida a :

- 4 naves que aloxan : planta de tecnoloxías da unión, centro de aplicacións láser, laboratorio de ensaios mecánicos, laboratorio de materiais de construción, taller mecánico, laboratorio de calibración, laboratorio de ensaios non destrutivos, tratamentos térmicos e aula-taller de soldadura.
- 2 plantas onde se sitúan: oficinas e despachos, 6 aulas para reunións e formación, salón de actos, laboratorios químicos, físicos e metalográficos, laboratorio de medio ambiente, deseño e simulación, proxectos industriais, xestión da innovación, organización industrial ,xestión de axudas e informática.

Servizos

Servizos Tecnolóxicos:

Análises e ensaios de materiais, Inspección e Ensaio Non Destrutivos, Calibración de equipos, Deseño de compoñentes e máquinas, Simulación de Procesos Industriais, Elaboración de Prototipos e Preseries soldados, Consultaría Tecnolóxica en materiais e procesos, Proxectos Industriais, Xestión da Innovación; Consultaría de Organización Industrial, Formación Tecnolóxica, Xestión de Axudas.

Liñas de Investigación:

Tecnoloxías de Unión, Procesado de materiais por Tecnoloxías Láser; Tecnoloxías de Conformado; Fundición; Enxeñería de Materiais; Recubrimentos; Desenvolvemento de Tecnoloxías Limpas.

Proxectos destacados

Na súa andadura, AIMEN ten feito máis de 81.500 informes técnicos e máis de 200 Proxectos de I+D en colaboración con empresas entre os que poderíamos citar:

- "Novos Procesos de conFORMado e desenvolvemento de Materiais avanzados para a transformación de aCEROs de alta resistencia mecánica (FORMA0)". Presentado á convocatoria GENIT.
- "Development and Validation of On-line Monitoring and NDT Inspection of Laser-Welded Thin-Sheet Automotive Components (OLIWAM)". Presentado ás convocatorias europeas.
- "Evaluación, selección y optimización de las tecnoloxías de unión con láser. Desenvolvemento de procedementos de soldadura láser en carrocerías para altas cadencias de produción". Presentado á convocatoria do PGIDIT.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

Ao marxe das relacións establecidas con outros centros e institucións polos proxectos I+D en cooperación, AIMEN mantén estreitas colaboracións con: Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia (RETGALIA). The Welding Institute (UK). Centros tecnolóxicos e de investigación nacionais e europeos. Universidade de Vigo. Universidade de Santiago de Compostela. Universidade da Coruña. E outras universidades de ámbito estatal.

Acreditacións e certificacións

- Acreditacións de ensaios e análise de materiais: ENAC 71/LE158, ENAC 71/LE/532.
- Acreditacións na área de calibracións: ENAC 83/LC/166, ENAC 83/LC/167, ENAC 83/LC/169, ENAC 83/LC/170, ENAC 83/LC/171, ENAC 83/LC/335.
- Acreditacións como laboratorio de Control de Calidade da Edificación. Acreditación da D.X. De Fomento e Calidade na Vivenda (resolución do 29/06/07, DOG n° 194 05/10/07).
- Entidade colaboradora da Administración Hidráulica. Ministerio de Medio Ambiente.
- Centro de Innovación e Tecnoloxía co Rexistro N° 38.
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación co Rexistro N° 166.

Propiedade industrial

O centro rexistrou cinco marcas comerciais, e no 2008 procedeuse á tramitación da solicitude de tres patentes.

